



MOCIÓN DO BNG ENCOL DOS ORZAMENTOS DO 2006

M^a Carne Martínez Rodiño, Dores Montoya Freire e Xoán Manuel Vázquez Sevillano, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Meis, presentan, ao abeiro da lexislación vixente, a seguinte MOCIÓN para o seu debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Orzamento para o ano 2006, presentado polo Grupo de Goberno, non se axusta aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do 5 de Marzo do 2004, xa que a súa aprobación definitiva terá lugar moito despois do 31 de Decembro do 2005, vulnerando polo tanto o artigo 169.2 do TRLFL, que establece que *“a aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación terá que realizarse antes do 31 de Decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse”*.

Desde o BNG consideremos que istos orzamentos non se corresponden coas necesidades reais do concello. Non se pode facer uns presupostos sen contar cos axentes dinámicos e sociais, como as comunidades de Montes, asociacións culturais, empresariais, etc. Eis a importancia de ter Consellos sectoriais, nos que o BNG leva loitando hai anos: Consello Económico e Social, Consello Municipal de Comunidades de Montes, Consello Escolar Municipal...e aos que o Goberno Municipal trata de evitar a súa posta en marcha.

Que o Concello vai mal, non é algo que diga o BNG ás súas anchas. Os últimos datos económicos así o corroboran, o Instituto Galego de Estatística (IGE) xa reflexa no último Indicador Municipal de Rendado dos Fogares de Galiza que o concello de Meis está no último posto dos concellos do Salnés no referente á mellora do seu poder adquisitivo. Namentres concellos similares, como Ribadumia, soben 6 puntos, ou Meaño, que sube 5 puntos, o noso concello só é capaz de subir un punto. Os datos poboacionais que nos ofrece o Instituto Nacional de Estatística (INE) tamén son pouco esperanzadores: 5040 habitantes no 2003, 5004 habitantes no 2004 e 5001 habitantes no ano 2005. Non damos despegado e de seguir con esta liña pasaríamos a ser un concello de 3^a categoría, perdendo, polo tanto, aportacións económicas doutras institucións, imprescindíbeis para o desenvolvemento municipal.

Istos orzamentos seguen a ser continuistas e non van rachar co mal camiño que levamos. É preciso provocar un punto de inflexión marcado por outro tipo de política, mais para isto é preciso coñecer a fondo o concello, realizar estudos en profundidade, planificar as cousas, que se quere, como se quere, etc. Non se pode traballar favorecendo os intereses particulares duns poucos deixando de lado os do resto, como aconteceu co PXOM. O BNG defende outra maneira de facer as cousas, dende unha

base sólida. Hai que coñecer as raíces dos problemas (axudaría moito a formación dos Consellos Municipais dos distintos eidos sectoriais como órganos consultivos e de participación cidadá), o trato igualitario para todo o mundo (o cumprimento das leis e das Ordenanzas é fundamental, ¿para cando unha dotación de policía municipal? ¿está o actual Goberno Municipal pola labor?), non compre destruír o que temos para o desenvolvemento e progreso do concello, cunha economía sostíbel (industria forestal, de cogomelos, do mel, a potenciación das cooperativas agrícolas, a axilización e remate da concentración parcelaria, etc) compaxinado co medio no que vivimos, creación dunha Central de Biomasa (estudo ao que se negou o PP de Meis a facer, mais que a Mancomunidade do Salnés nos deu a razón recentemente), a potenciación do noso rico patrimonio etnográfico e paisaxístico e non o do formigón que se quere poñer nos nosos montes, a realización de Plans, como o de Emprego Xuvenil, son formas óptimas para fomentar o asentamento da xente nova e estas non lisquen a outras latitudes. Igual de importante é a actualización do Inventario de Bens Municipais e a realización dun Inventario do Patrimonio Histórico Artístico e Etnográfico (deste último xa levamos esperando varios lustros).

Analizando detidamente as contas no orçamento de gastos vemos que é practicamente o mesmo que o do ano pasado, soben só uns 20.000 € (un pouco mais de 3 millóns das antigas pesetas). O que preocupa deste montante é que as inversións reais van ser a **METADE** do que se fixo o ano pasado (2005: 803.854€ e 2006: 447349€). Prodúcese un descenso de 356505€ (case 60 millóns das antigas pesetas). É neste apartado de gastos onde se reflexa cal é o proxecto para Meis deste grupo de Goberno, ¿se cadra, para o PP o concello non precisa de investimentos?. Desde o BNG, observamos que se trata dunha política de mínimos, de ir “bacheando” cos cartos que temos, pois non hai unha liña na que se observe o camiño andado onde cada ano se perciba o deseño dun proxecto. Istos orzamentos confirman o deslabezado das actuacións, estamos condenados a perpetuidade ás “obras a cachos” que non se sabe para que son, con que obxectivo se fan nen cando vai rematar (a mellora dos 8 quilómetros da estrada O Mosteiro-Barrantes, 7 anos de obras e aínda sen finalizar).

Outras veces, empézanse cousas aquí e acolá, que despois non funcionan (lembramos, por exemplo, a situación do saneamento, que por certo trátase dun **servizo que non chega ao 90% da poboación** do concello porque as depuradoras de Meis e de San Martiño, rematadas hai moito meses están sen funcionar).

Hai unha partida de 242.000 euros para a Avda. de Cambados e aledaños, como aportación do concello a un proxecto que aínda non hai, pois o anteprojecto que se amosou ó BNG (tras a petición do BNG, despois de que o goberno municipal vendera esa actuación) nen sequera se adapta o PXOM vixente no concello, é dicir, sería incluso ilegal. O lóxico é que teñamos un proxecto feito, baseado no análise e estudo das necesidades, por unha banda, e da situación real e actual por outra, sen esquecer a exposición do proxectado e o diálogo cos sectores directamente implicados e afectados. Tendo en conta que se está a falar do orzamento do ano 2006 transcorridos xa cinco meses da data tope no que debería estar feito.

Porén, atopamos que se quere facer unha Aula Didáctica en Zacande (Nogueira), o nome é unha camuflaxe do que é un Local Social, a 1 Km da Casa de Cultura do Mosteiro: ¿Isto debe ser o que chama o PP de Meis optimización de recursos?, se cadra, ¿recoñecen que a Casa de Cultura do Mosteiro realizada non contemplaba todas necesidades da zona?, ¿non hai, seica, outras necesidades mais importantes na parroquia de Nogueira como o saneamento ou arranxo de pistas en Caticovas, Penente, A Grenla ou Veiga da Vila que facer un Local Social cando a parroquia de Nogueira ten no seu

proprio territorio a Casa de Cultura? ¿Esquécese que hai unha parroquia moito mais afastada ao Mosteiro que non ten un lugar público de reunións?. Esta actuación non obedece a un modelo lóxico de concello, senón a outro tipo de interese e motivacións que para nada ten que ver coas necesidades que os veciños en xeral precisan. ¿vai facer o PP Aulas Didácticas en todos os núcleos de poboación do concello?

Os poucos recursos que se observan acreditan a falta de iniciativa, por exemplo, por parte da Concellaría de Cultura e Xuventude. É un reflexo do funcionamento espontáneo e característico das actuacións do actual Goberno Municipal. Non hai un Plan deseñado cunha programación cultural de calidade que parta do concello, só hai actuacións puntuais sen nexos entre elas e sen un antes e un despois no seu facer.

En relación cos asuntos sociais observamos os escasos recursos que se destinan para este menester. Meis é un concello cun 22% de poboación maior dos 65 anos, estamos a falar dun grupo importante de persoas ás que hai que ter en conta pois a vellez é sinónimo moitas veces de axuda. ¿Para cando contaremos cun Centro de día? Importantísimo se queremos aliviar a moitas familias das cargas que supón o coidado dos seus maiores e especialmente ás mulleres que son, ao fin e ao cabo, quenes levan todo o peso. Son orzamentos totalmente insignificantes neste apartado, que debería gozar “de boa saúde económica”, e dende o BNG vimos recalando insistentemente que é preciso aumentar esta partida de xeito que “corrixa” a situación, na medida do posíbel, xa que moitas delas “perviven” no tempo por falla de políticas correctoras e actividades precisas, que se poderían facer se houbo presuposto que garante a liberdade de acción e medios das persoas encargadas desas funcións. (Chegase a recortar na Func.31,cap.4,art.48, a cantidade de 2000 euros).

Entendemos, polo tanto, que istos orzamentos son pobres, pouco ambiciosos e non é o que precisa Meis. A abstención, a estas alturas, é significado de covardía e falla de proxecto político, polo que o BNG non vai adoptar esa decisión polos motivos suficientemente expostos e explicados nesta moción. Non queremos votar en contra, mais terémolo que facer se non hai outra saída. O BNG quere participar na redacción dun novo proxecto de orzamentos xunto co PP e contando co resto da Oposición e cos entes sociais, pois temos moito que aportar para vertebrar o noso concello.

Por todo isto,

SOLICITAN

Que o Pleno da Corporación devolva istos orzamentos ao Goberno Municipal e pida ao devandito Goberno a configuración doutros novos, acordes coa realidade e necesidades actuais do concello e coa participación dos partidos da Oposición e dos entes sociais do concello.

No Mosteiro, Meis, a 29 de Maio do 2006

Asdo: M^a Carme Martínez Rodiño

Asdo: Dores Montoya Freire

Asdo: Xoán Manuel Vázquez Sevillano